

“(...) Un día non lonxano nós mesmos fomos gratamente sorprendidos, ao asistir nunha xeira gozosa ao Antroido de Nerga (Península do Morrazo), a certa pantomima na que un persoa brandía unha longa espada de madeira, en cuia folla leíase: ‘Espada de Roldán’. Foi diste xeito, pola forza penetrativa da fábula literaria, como se popularizaron en Galiza os temas da literatura cabaleiresca, ...”


“Cantares e romances vellos prosificados”,
Discurso de ingreso na Real Academia Galega (1964)

XOSÉ M.ª ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

(Tui, 1915 – Vigo, 1985)

Foi un escritor, poeta, editor, arqueólogo, dinamizador cultural e cronista da cidade de Vigo. Estudou Maxisterio en Pontevedra, onde foi un dos fundadores da revista *Cristal*, e *Filosofía e Letras* en Santiago de Compostela. Participou nas Mocidades Galeguistas e foi membro da Real Academia Galega, proposto por Francisco Fernández del Riego. Fundou a Editorial Castrelos e foi tamén propietario dunha libraría e colaborador habitual en diversos xornais e revistas.

GRANDES ÉXITOS



1950

Roseira do teu mencer (1950) é un poemario dedicado á súa filla, que daquela tiña dous anos. É un canto á paternidade e ao amor que sente por ela.

Canle segredo (1976) é unha obra poética escrita en 1953, aínda que non se publicou ata anos despois. O amor, a nostalgia e a nenez son as temáticas en torno ás que xira esta publicación, gañadora do Premio Pondal do Centro Galego de Bos Aires.



1976

Outras das súas obras son *Cancioneiro de Monfero* (1953), *A pega rabilonga e outras historias de tesouros* (1971), *Escolma de poesía medieval* (1975) e *Alexandro Bóveda. Apunte biográfico* (1982).

“(...) Participamos nas Mocidades Galeguistas sendo Xosé María Álvarez Blázquez o delegado por Pontevedra; Máis tarde tivemos moita relación en Vigo e tamén coincidimos nos meses de verán en Coruxo compartindo conversas, praia e lecer.”

Francisco Fernández del Riego

